

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 16 DE XUÑO DO 2008.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezaseis de xuño de dous mil oito; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Don Francisco Xabier Carreira Sebío, e Dona Manuela Iglesias Collarte.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández, estando tamén presente a Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 9 de Xuño do dous mil oito (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

1.- RECURSO DE REPOSICIÓN

Por parte do Secretario dase conta do recurso de reposición con data de RE 12.06.08 e nº3602 interposto por Don Camilo Rodríguez Alonso con domicilio na Rúa Cervantes nº4 , mediante o cal se ratifica no escrito do 24.05.08 no que solicitaba a retirada da caseta sita en terrenos presuntamente da súa propiedade, ademáis de insistir en que os terreos sobre os que se atopa a caseta son da súa propiedade e recaba do concello proba en contrario no seu caso.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade contestar ao solicitante na forma xurídica procedente e aportando documentación que acredite a titulariedade do concello sobre o citado ben.

2.- REC DE REPOSICIÓN

Por parte do Secretario dase conta do recurso de reposición con data de RE 12.06.08 e nº3603 interposto por Don Camilo Rodríguez Alonso con domicilio na Rúa Cervantes nº4, mediante o que solicita a nulidade de pleno dereito por indefensión do acordo adoptado por non dar contestación aos seus escritos relativos a reposición dos peldaños esixentes na súa vivenda sita en Merelle Caula nº 7-A.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade contestar ao solicitante na forma xurídica procedente.

3.- RESULTADOS ANALÍTICOS AQUALIA

Remisión de Aqualia de los Resultados de Análisis con fecha de RE 02.06.08 y nº 3387 de muestras de Agua para o Consumo público do Municipio de Rivadavia, correspondentes aos meses de Marzo e Abril do ano 2008, así como as analíticas tomadas das fontes de Dous Caños e Fonte da Plata e solar en edificación de Luis Álvarez Iglesias.

Así mesmo faise referencia as melloras que dende o servicio se veñen realizando na EDAR como son:

- Sustitución da cinta de filtrado do filtro banda.
- Revisión e renovación do sistema hidráulico do filtro banda.
- Posta a punto da automatización do filtro banda.
- Vaciado e limpeza do espesador de fangos.
- Sustitución e reparación da reductora do rotor nº3.
- Posta a punto dos oxímetros.

4.-CONDICIÓN S URBANÍSTICAS

1- Solicitud de información urbanística interesada por **Don Carlos Muñoz Cardenas** con domicilio en Rúa Alberto Alcocer nº32, 1ºD, 28036 Madrid. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 06.06.08 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar sito en Carretera de la Veiga “A Rotea”, San Cristobal (ref.catastral 14.45.2-60), a solicitud de Don Carlos Muñoz Cardenas de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

2- Solicitud de información urbanística interesada por **Don Carlos Muñoz Cardenas** con domicilio en Rúa Alberto Alcocer nº32, 1ºD, 28036 Madrid. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 06.06.08 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar sito en Carretera de la Veiga “A Rotea”, San Cristobal (ref.catastral 14.45.2-06), a solicitud de Don Carlos Muñoz Cardenas de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

3- Solicitud de información urbanística interesada por **Don Leopoldo Fernández Rial** con domicilio en Alcalde Portanet nº23, 1ºB, Vigo. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 12.06.08 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar sito en Almuiña Estrada de Francelos e Estrada N-120 vella, a solicitud de Don Leopoldo Fernández Rial de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

-“Da Confederación Hidrográfica do Norte, Resolución de data 30.05.08, relativa a expediente de inscrición no rexistro de augas dun aproveitamento de augas

captadas mediante pozo denominado Da Casa, sito en Fondo de Vila-San Andrés, por Don José Antonio Rodríguez Fernández”.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

CONVENIO DE COLABORACIÓN

Por parte do Secretario dase conta da proposta do concelleiro de deportes relativa a celebración dun convenio de colaboración entre o concello de Ribadavia e a entidade Xaraiba mediante a cal o concello entrega un precio a cambio da prestación dun servicio.

Consta informe de Secretaría de data 16.06.08 no que se fan as seguintes **consideracións**:

1.- Son contratos de servicios aqueles cuio obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas a obtención dun resultado distinto dunha obra ou suministro. A efectos de aplicación desta Lei, os contratos de servicios dividense nas categorías enumeradas no anexo II.

2.- En relación cos art. 95 e 122.3 o contrato de servicios será menor cando a súa cuantía sexa inferior a 18.000 € requirindo neste caso a aprobación do gasto a incorporación da factura correspondente que deberán reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezcan, sendo preciso ademáis a previsión do art. 22 que establece que a natureza e extensión que pretenda cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia delo na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado a súa adxudicación.

3.- En caso de non tratarse dun contrato menor en razón da súa cuantía sería preciso ó expediente de contratación o que fai referencia o art. 93 en relación coa disposición adicional segunda, ademáis de aplicación de procedemento aberto, restrinxido ou negociado.

4.- No expediente analizado trátase dun convenio de colaboración que non obstante incubre un verdadeiro contrato administrativo de servicios no que se paga un precio polo servicio prestados polos monitores, establecéndose unha cantidade en concepto de “**subvención**” fixa de 3.000€e unha variable de 400 ou 500 €(posto que na clausula 4º non coincide número e letra), polo cal é imposible determinar o precio exacto do contrato, de cara a aplicar as regras do contrato maior no seu caso menor. En calquera caso é importante destacar que nos contratos menores de acordo coa dicción literal do art. 122.3 en relación co art. 91 paragrafo 2º estaría incluído o IVE, a diferenza de outros procedementos en que debe terse en conta o chamado valor estimado do contrato, postura sostida por Don Jesús Mozo Amo, postura perfectamente aplicable en tanto non existan pronunciamentos por parte da xurisprudencia ou da Xunta consultiva de contratación administrativa.

CONCLUSIÓN

Infórmase desfavorablemente a proposta que deberá tramitarse a través de contrato maior ou menor segundo corresponda (previa determinación do precio, so pena de incurrir

nunha falta total e absoluta de procedemento legalmente establecido (art.62.e da Lei 30/92).

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade a tramitación do antedito convenio de colaboración a través do procedemento legalmente establecido, deixando o asunto sobre a mesa.

GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2008, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primero.- Convalidar a aprobación das facturas realizadas por Resolución da Alcaldía e que seguido relacionanse:

CONGALLE S.L., servizo de recollida de lixo, mes de decembro 2007, por importe de 7.054,47 euros.

ANTONIO RODRIGUEZ LORENZO, completo pago Sentencia xulgado do Social, por importe de 3.599,82 euros.

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

APROBACIÓN DO PADRÓN DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAS.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación do Padrón do Imposto de Bens Inmoables de características especiais correspondente o exercicio de 2008, por importe total de 30.448,42 euros. Asemade, a Xunta de Goberno Local, acorda, por unanimidade, establece-lo período voluntario de cobro do devandito Padrón entre o vindeiro 1 de Xullo e o 5 de Setembro de 2008, ámbolos dous inclusive.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO